

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 01/03/2021
(Extracto en <http://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

ARGIMIRO SERÉN MERA

LINO MOURIÑO SANTIAGO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

MATILDE LAYA LORENZO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 01/03/2021 reuníronse no Salón de plenos, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 22 de febreiro de 2021, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2021/0562

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola R. Cable y Telecable Telecomunicaciones S.A. para a alta de tres accesos a internet HFC 350/35 para o edificio do Auditorio Municipal, por un importe mensual de 286,77€ (IVE incluído), con cargo á partida 334-22200.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/0563

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Balidea Consulting & Programming, S.L. para o servizo de soporte e mantemento da plataforma CISCO UCS e do DataDomai EMC para o período de 04-03-2021 a 03-04-2020, por un importe total de 6.993,80€ (IVE incluído), con cargo á partida 9201-22706.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/0608

Dáse conta do escrito presentado por CD Fincas solicitando o traslado de aparcamento de minusválidos que se sitúan diante do portal do edificio na Avda. Doutor Tourón 44, para o muro de enfrente.

Visto o seguinte informe da Policía Local:

"No relativo o traslado do aparcamento de minusválidos para enfrente o muro ou fondo da rúa, infórmase que no seu día se fixo o cambio do aparcamento precisamente para fronte os portais

44 e 46 respectivamente, por motivo de proximidade para as persoas discapacitadas, xa que o aparcamento fronte o número 46 quedaría separado preto de 50 metros e do nº44 preto de 25 metros da ubicación que eles piden."

Visto o que antecede a Xunta de Goberno Local acorda denegar o traslado do aparcamento de minusválidos.

PRP2021/0611

Dáse conta do informe da Policía Local en relación á sinalización deficiente na Rúa Alexandre Boveda á altura da Praza de Abastos. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se proceda á retirada de sinais que non están operativas e borrado e repintado de sinalización horizontal.

Dar conta á Policía Local e ao encargado de sinalización (Mario Vázquez).

PRP2021/0612

Dáse conta do informe da Policía Local en relación á sinalización no cruce das rúas Quintana e Ensino de Rubiáns, a Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se proceda á colocación de sinal que indique a obriga de deterse aos vehículos que circulan pola rúa Ensino e que pretenden incorporarse á Rúa quintana.

Dar conta á Policía Local e ao encargado de sinalización (Mario Vázquez)

PRP2021/0613

Dáse conta de escrito presentado por D. Gabriel Blanco Moreiras, solicitando autorización para instalar un posto de churros e lambetadas, de 3 x 2 metros, dende o mes de febreiro e ata finais de xuño de 2021 na Rúa Alcalde Rey Daviña ou outro lugar na zona peonil.

A Xunta de Goberno Local acorda denegar a autorización solicitada, tendo en conta que se trata dunha zona moi transitada e que este tipo de instalacións autorízanse unicamente de forma esporádica durante a celebración de Festas ou Eventos.

PRP2021/0614

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Talleres Santiago Iglesias SL para a reparación do vehículo matrícula 1499-BMC, adscrito ao citado servizo, por un importe total de 1.464,43 € (IVE incluído), con cargo á partida 453.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/0615

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por INTERMACO SL para subministro de material para reparación e mantemento de saneamento de fecais e pluviais durante o ano 2021, por un importe estimado de 8.056,08 € (IVE incluído), con cargo á partida 161.210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/0616

Vista a proposta do Servizo Municipal de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Instalaciones Ecovila, S.L. para substitución de tubaxes da calefacción do Auditorio, por un importe aproximado de 6.077,10€ (IVE incluído), con cargo á partida 334-212.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/0617

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Alfonso García Suárez (Algasur), para cementación do Bombeo de Trabanca, por un importe aproximado de 2.541,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 161.210.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/0618

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Gráficas Orzan S.L. para o subministro de talonarios de denuncias para o departamento de tráfico, por un importe total de 1.258,40€ (IVE incluído), con cargo á partida 132.22000.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/0619

Dáse conta do escrito presentado por Maria de la O Fernández González, solicitando se teñan en conta o informe realizado por Cogami, en relación á instalación das actuais marquesiñas de autobús, co fin de dar cumprimento ao establecido na Lei de accesibilidade. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2021/0646

Vista a proposta do Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Cesar Paz, S.L. para desmontar e recoller uralitas rotas e con amianto e subministro e colocación dunhas novas no Cemiterio Municipal de Carril, por un importe total de 3.515,05€ (IVE incluído), con cargo á partida 164-212.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

BENESTAR SOCIAL**PRP2021/0629**

Dáse conta da resolución de transferencia finalista para o cofinanciamento dos Servizos Sociais comunitarios Municipais (PLAN CONCERTADO 2020) en concepto de persoal e SAF Básico, ao abeiro do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan servizos sociais comunitarios e o seu financiamento:

1 Psicóloga: 20.229,00 €

6 Traballador/a Social: 100.890,00 (5 de renovación e a financiación de 1 novo)

2 Educador/a Social: 33.630,00 €

SAF prestación básica (libre concorrência): 8.937,17 €

P. específico de inclusión social dirixido a persoas sen fogar-covid19: 85.582,35 €

P. básico de inserción social: axudas municipais de emerxencia social Covid19: 11.876,29 €

Total asignado: 261.144,80 €

Total asignado descontado remanente: 257.829,49 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2021/0630

Dáse conta de certificación emitida pola Xefatura Territorial de Política Social de Vigo en relación co pagamento do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao 4º trimestre do ano 2020, coa seguinte desagregación:

- Mes de outubro: 41.369,30 €

- Mes de novembro: 42.599,65 €

- Mes de decembro: 42.684,40 €

Regularizacións dos períodos 01/04/2020-30/06/2020 - 01/07/2020-30/09/2020: - 693,54 €

Total nómina neta 4º trimestre: 125.959,95 €

Regularización outras incidencias: proxecto anual de SS -239,54 €

Total devengado: 125.720,41 €

A Xunta de Goberno queda sabedora.

PRP2021/0631

Dáse conta do informe-proposta da Area de Servizos Sociais, e tras o incremento de horas asignadas pola Consellería de Política Social para o ano 2021 e coa valoración realizada dende a área de Contratación, proponendo as seguintes modificacións da contratación do Servizo de Axuda no Fogar:

- O prezo de licitación con IVE con SAF ascendeu a 4.530.252,85 €.

- Do custe anual estimado e do custe do incremento de horas para o 2021 resulta unha diferenza de 80.834,75 € (IVE incluído).

- Perante 3 anos este custo ascendería a 242.504,25 € (IVE incluído), o que supón unha modificación de 5,3529% do prezo de licitación.

- O PCAP da licitación contempla a modificación do contrato por un importe ata o 5% do prezo de licitación. Dita contía ascendería a 242.512,64 € (IVE incluído)

- Por tanto o importe da modificación non prevista do contrato é de 0,3529%, 15.991,61 € (IVE incluído) correspondese cunha modificación de contrato de 5.330,54 € anuais.

Visto o informe da Intervención Municipal a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a modificación do contrato de servizos "Servizo de Axuda no Fogar Concello de Vilagarcía de Arousa", con cargo á partida 231.22725 e notificar o presente acordo á Empresa Aralia Servizos Sociocomunitarios SA.

PRP2021/0633

Dáse conta do convenio de colaboración educativa entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Concello de Vialgarcía de Arousa para a realización de prácticas académicas externas curriculares ou extracurriculares do alumnado de educación social, cunha duración de catro anos, podendo prorrogarse de forma expresa para os seguintes catro anos de comun acordo polas partes e en tanto non se denuncie expresamente como mínimo con tres meses de antelación.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinatura do citado convenio

PRP2021/0634

Visto o convenio de Cooperación Educativa de formalización da prácticas académicas externas entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Concello de Vilagarcía de Arousa, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a formalización de práctica académica externa da alumna Dona Clara Rodríguez Maneiro, alumna de 3º curso do Grao de Educación Social, dende o 8 de marzo ao 26 de abril (120 horas), cunha aportación económica bruta mensual por parte do Concello de 200,00 €.

Dar conta ao Negociado de Recursos Humanos.

EMPREGO

PRP2021/0593

Vista a proposta da Área de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Teleservicio Instalaciones de Oficina SL para o subministro dunha cadeira modelo "Stay", por un importe total de 286,77 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.215.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/0603

Dáse conta do informe do encargado de obras relativo á necesidade de levar a cabo tarefas de mantemento nas casetas de madeira utilizadas no Mercado de Nadal, consistentes na substitución dalgunhas pezas deterioradas durante o proceso de instalación e desinstalación, e non sendo posible atopar os elementos que se precisan nos provedores habituais do Concello, solicitouse orzamento á empresa fabricante, que procedeu á súa remisión polos custos que se especifican:

CONCEPTO	PRECIO UNITARIO	UNIDADES	TOTAL
Kit caseta completo	50 € + IVE (21%)	4	242 € IVE INCLUIDO
Cerraduras caseta	2,50 € +IVE (21%)	10	30,25€ IVE INCLUIDO
TOTAL			272,25 € IVE INCLUIDO

Vista a proposta da Área de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa CARPALIA S.L. CIF B24496101, por unha contía total de 272,25 € (IVE incluído), con cargo á partida 4311.22199.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/0635

Vista a proposta da Directora do Obradoiro de Emprego "Labora Xove 2020", a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Kaeme Consultoría y Prevención, por un importe total de 475,00 € (IVE exento), con cargo á partida 2412.22199, para a impartición da actividade complementaria "Orientación Laboral: Técnicas de búsqueda de emprego" ao alumnado das especialidades de "Socorrismo en espazos acuáticos e goberno de embarcacións de salvamento" e "Instalación de mantemento de zonas verdes e aproveitamento forestal", cunha duración de 15 horas.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/0636

Vista a proposta da Directora do Obradoiro de Emprego "Forme 20", a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Maderas J. Redondo SL para o subministro de material de carpintería para as prácticas da especialidade de Carpintería do Obradoiro de Emprego, por un importe total de 1.758,30 € (IVE incluído), con cargo á partida 2412.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/0637

Vista a proposta da Directora do Obradoiro de Emprego "Forme 20", a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Antonio Fontenla Martínez (Calidaria Formación y Calidad Alimentaria), por un importe total de 234,00 € (IVE exento), con cargo á partida 2412.22199, para a impartición do curso de Sensibilización Medio Ambiental para as especialidades do Obradoiro de Emprego, cunha duración de 9 horas.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/0638

Dáse conta do informe da Técnica de Promoción do Emprego en relación á resolución revocatoria parcial de concesión de subvención do Obradoiro de Emprego Labora Xove 2019:

A Resolución administrativa de data 9 de agosto de 2019 concedeulle ao Concello de Vilagarcía de Arousa unha axuda por importe de 180.021,28€ para a realización do proxecto de obradoiro de emprego denominado "O. E. Labora Xove 2019" para 16 alumnos/as traballadores/as. Con posterioridade, con data do 29 de maio de 2020 incrementouse esa cantidade en 2.768,73€ para facer fronte ao incremento do SMI dos alumnos traballadores. máis adiante, con data 21/11/2020, incrementouse novamente esa cantidade inicial en 110.689,51€ para satisfacer os gastos orixinados durante a situación de pandemia polo COVID 19.

Unha vez comprobada polo órgano xestor a documentación achegada para a liquidación do dito expediente, constata que o importe xustificado é de 162.622,78€, en concepto de gastos xustificables ao FSE e un importe de 94.162,05€ con cargo a fondos finalistas (2.086,38€ de incremento do SMI e 92.075,67€ do período de suspensión).

O Concello de Vilagarcía presenta unha xustificación cun importe xustificado de 172.152,04€,

polo que a Xunta de Goberno Local acorda presentar recurso de reposición contra dita resolución revocatoria parcial e a solicitude de liquidación de 9.529,26€, diferenza entre o importe xustificado e o importe da resolución revocatoria parcial recibida.

PRP2021/0639

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a programación formativa dos cursos de inclusión e capacitación dixital 2021 para Aula CEMIT do Concello no Concello de Formación Matosinhos, e a súa adxudicación á empresa KAEME Consultoría e Prevención do Programa formativo introductorio en inclusión, capacitación e competencias dixitais por un importe máximo de 15.000 € (incluídos todos os custos), con cargo á partida 241.22799, de conformidade co orzamento presentado pola citada empresa, que permite escoller os cursos en función da demanda, sen limitación, ata un máximo de 500 horas de formación.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/0655

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as Bases da Convocatoria de axudas municipais de apoio á reactivación económica no Sector Hostaleiro e outras actividades do Concello de Vilagarcía de Arousa que viron afectada a súa actividade por mor da pandemia do COVID-19, e co fin de que poidan sufragar gastos fixos realizados ou devengados entre o 1 de novembro de 2020 e o día de presentación da solicitude.

A contía destinada a atender estas subvencións ascende a 200.000 €, con cargo á partida 4311.470, e o importe da subvención para cada colectivo é o seguinte:

A) Actividades obrigadas ao peche

- Un máximo 600 euros para titulares dunha actividade ou único establecemento obrigado ao peche da actividade
- Un máximo 800 euros para titulares de máis dun local e/ou establecemento obrigado ao peche da actividade

B) Actividades con baixada de facturación, non afectadas polo peche obrigatorio.

- Un máximo de 400 euros para titulares de un establecemento con local físico con atención ao público que sufriran baixada de facturación, na porcentaxe establecida na Base II da Convocatoria.
- Un máximo de 600 euros para titulares de máis de un establecemento con local físico con atención ao público que sufriran baixada de facturación, na porcentaxe establecida na Base II da Convocatoria.

Acórdase así mesmo que se proceda á publicación das bases da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web e Sede Electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa e no apartado de Transparencia Municipal.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

SANIDADE

PRP2021/0640

Dáse conta da caída dun eucalipto de grandes dimensións no cemiterio de Carril, na madrugada

do día 22 de febreiro, como consecuencia de dita caída resultaron danadas as cubertas de uralita dun bloque de nichos do Cemiterio, a retirada das uralitas foi a probada nesta Xunta de Goberno Local, adxudicando os traballos á empresa Construcciones Cesar, Paz, S.L.. A Xunta de Goberno Local acorda requerir á Xunta de Galicia titular da parcela onde se atopaba dita árbore, para que limpe as parcelas colindantes co cemiterio, dado que contan con moita vexetación así como con árbores similares ao que causou os destrozos nos nichos do Cemiterio, (acheganse fotografías).

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2021/0600

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa Cogami Reciclado de Galicia, S.L. (COREGAL, S.L.), a retirada anual e xestión do colector de plásticos mesturados do punto limpo, por un importe de 200 €/t (IVE non incluído) no caso de fraccións de plásticos non valorizables e 0 €/t. no caso das fraccións valorizables, resultando un importe total estimado de 7.040,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 170.22700. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/0641

Dáse conta do acordo de Augas de Galicia de arquivo de expediente (Clave DH.D36.74531) de denuncia contra o Concello de Vilagarcía de Arousa en relación cun vertido de augas residuais ao dominio público hidráulico no Pol. Ind. Trabanca, ao comprobar que se adoptaron as medidas para evitar que se produzan mais vertidos.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2021/0642

Dáse conta da publicación no DOG do día 10 de febreiro de 2021 por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda dunha Orde pola que se establecen as bases reguladoras da segunda convocatoria para a concesión de axudas a entidades locais asinantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sustentable, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2022, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para o ano 2021.

O artigo 3 da mencionada Orde establece que serán subvencionables os traballos de asistencia técnica para a elaboración dos plans de acción para o clima e a enerxía sustentable (PACES) destinadas ás entidades locais. A realización destes plans é un dos compromisos adquiridos polos concellos da Comunidade Autónoma de Galiza asinantes do citado pacto.

Segundo o artigo 2 das bases poderán ser beneficiarios da subvención as entidades locais que estean adheridas formalmente ao Pacto da Alcaldía para o clima e enerxía sustentables antes da solicitude da axuda.

O Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía é unha iniciativa que naceu no seo da Unión Europea, no ano 2008. O obxectivo da mesma é a construción dunha rede de entidades locais que comparten o obxectivo común de reducir nun 40% as súas emisións de gases de efecto invernadoiro (respecto á cantidade de emisións no ano de referencia) e de adoptar un enfoque

común para aumentar o nivel de adaptación dos seus territorios fronte aos perigos climáticos derivados do cambio climático, tales como as vagas de calor e frío extremos, as precipitacións extremas, as inundacións, as secas ou os lumes forestais.

Un dos compromisos adquiridos e a realización dun Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentábel (PACES) nos dous anos seguintes á firma do pacto.

Dentro do traballo serán desenvolvidas as seguintes tarefas:

- Definición da estratexia, visión e obxectivos, avaliación da estrutura organizativa e das necesidades do Concello e análise do entorno e partes interesadas
- Realización de un inventario de Gases de Efecto Invernadoiro, donde se Terán en conta os consumos de enerxía final e as emisións asociadas ós mesmos. Escollerase un ano de referencia para o cal se dispoñan datos e servirá como punto de partida para a descarbonización.
- Definición dunha estratexia de mitigación a través de medidas concretas de redución das emisións no Concello, que serán planificadas e cuantificadas de antemán, así como coñecidos os seus impactos.
- Avaliación dos riscos e vulnerabilidades fronte o cambio climático, identificando os sectores máis vulnerables, os perigos e os riscos asociados.
- Aproximación inicial a unha estratexia de adaptación ós efectos do cambio climático ca finalidade de aumentar a resiliencia do Concello fronte ás inclemencias e perigos climáticos.
- Definición de accións contra a pobreza enerxética.
- Elaboración de un documento final, que sexa a síntese de todos os puntos anteriores e que sirva de folia de ruta para a descarbonización no municipio.
- Presentación da documentación ó Pacto das Alcaldías a través da web oficial.
- Deseño e execución dun proceso de participación cidadá e das principais partes interesadas do Concello.
- Xestión técnica da axuda, na primeira fase de solicitude da subvención e na xustificación da mesma.

De acordo co artigo 5.4 da bases a axuda económica que se poderá acadar será dun máximo de 11.000 euros para os Concellos de poboación entre 20.001 e 50.000 habitantes.

O Pleno da Corporación de data 25 de febreiro de 2021 acordou aprobar a adhesión do Concello á iniciativa Europea do Pacto das Alcaldías para o Clima e A Enerxía.

A Xunta de Goberno Local acorda a solicitude da mencionada subvención aceptando os requisitos establecidos na orde de convocatoria da subvención.

TURISMO

PRP2021/0643

Ao Concello foille concedida unha axuda de 6.461,40, o 100% do gasto, para o proxecto PROMOCIÓN DO TURISMO MARIÑEIRO NO CONTORNO DE CARRIL E CORTEGADA, ao abeiro da ORDE do 21 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas para os grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020, e se convocan as correspondentes ao ano 2019.

Na convocatoria deste ano, que remata o 1 de marzo, e que é a última que figura nesa orde, a

Concellería de Turismo pretende presentar o proxecto de **INSTALACIÓN DUN MIRADOIRO SOBRE CORTEGADA E OS LOMBOS DO ULLA NO LUGAR DENOMINADO "CRUZ DE XIABRE"**, cun orzamento de 48.031,47 €.

Ese miradoiro vai ser un lugar excepcional dende o que poder contemplar Cortegada, Os Lombos do Ulla, os traxectos da Ruta Xacobeá do Mar de Arousa e da Variante Espiritual do Salnés, Vilagarcía e toda a Ría de Arousa. Vai supoñer un complemento, unha continuidade das rutas de marisqueo para as que fora concedida a subvención o pasado ano.

O artigo 4 da Orde define como "investimento non produtivo as actividades que non supoñan o inicio ou desenvolvemento dunha actividade económica e/ou non estean afectas a unha actividade económica. Así mesmo, terán este carácter os proxectos de interese público que, incluso constituíndo unha actividade económica ou estando afectados a unha actividade económica, non incidan sobre o réxime de competencia no territorio de que se trate.

E o artigo 14,1b) establece que a porcentaxe de axuda para os proxectos de investimento non produtivo poderá ascender ao 100% dos custos dos gastos subvencionables do proxecto cando a operación responda aos seguintes criterios: interese colectivo, beneficiario colectivo e acceso público aos resultados.

Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Solicitar subvención para o proxecto de "Instalación dun miradoiro sobre Cortegada e Os Lombos do Ulla no lugar denominado "Cruz de Xiabre", por un importe de 48.031,47 € (100% dos custos).
- Aprobar a sinatura dun contrato de alugamento do espazo necesario para a instalación dun miradoiro, coa Comunidade de Montes en Man Común de Bamio, titulares dos terreos, polo prezo simbólico de 1 €/ano (sen IVE).

CONTRATACIÓN

PRP2021/0408

Por Resolución do 29 de outubro de 2020, do Congreso dos Deputados (BOE 4 de novembro de 2020), ordenouse a publicación do acordo de autorización da prórroga do estado de alarma declarado por Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2,

A autorización do estado de alarma exténdese ata as 00:00 horas do día 9 de maio de 2021, polo que neste datas nos atopamos baixo o estado de alarma.

Conforme o artigo 2 do dito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen desempeñe a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto

A situación epidemiolóxica actual levou a Comunidade Autónoma Galicia a decretar, entre outras medidas o peche perimetral dos concellos, a limitación nos horarios de peche das actividades non esenciais, o peche da hostalería e a recomendación de que os traballos que pola súa natureza o permitan, se realicen de forma temática; todo isto co obxectivo de evitar as interaccións sociais e, polo tanto, limitar os niveis de transmisión.

Tódalas recomendacións dos expertos para minimizar os efectos de contaxio do COVID19 aséntanse sobre estes fundamentos: distancia de seguridade, limitar a interacción social (e dicir evitar ao máximo o contacto con outras persoas e, polo tanto, as aglomeracións), uso da

máscara e ventilación cruzada en espazos pechados (para conseguir que a concentración de CO2 sexa o máis baixo posible).

Mutuas Colaboradoras coa Seguridade Social como ASEPEYO xa aconsellan que en determinados espazos interiores, nos que pode ser difícil dispoñer dos medios de ventilación adecuados para conseguir a renovación de aires desexado, instalar sistemas de purificación de aire baseados en filtros que reteñen partículas con filtros de tipo HEPA, ao considerar que reteñen as partículas potencialmente infectivas de forma satisfactoria.

O deseño do concello de Vilagarcía supón que as dependencias do rexistro xeral, información ao público e padrón de habitantes situadas na 2ª pranta, sexan totalmente interiores impedindo a posibilidade dunha ventilación natural das instalacións. A isto debemos unir que a maioría das persoas que acuden ao concello pasan por estas dependencias.

O artigo 120 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público regula a tramitación de emerxencia dun expediente de contratación, sendo un dos supostos habilitantes ter que actuar ante situacións que supoñan un grave perigo.

Como se ten dito, o deseño do concello de Vilagarcía de Arousa imposibilita que as dependencias de rexistro, padrón de habitantes e información ao público poidan ter ventilación natural ao ser totalmente interiores.

Dado o gran número de persoas que dirixen a estas dependencias para efectuar os seus trámites e o aumento do grado de transmisión das novas variantes ou cepas do coronavirus que se están a detectar en Galicia, fan que se deba actuar de forma inmediata nestas dependencias.

Aos efectos da tramitación do procedemento de emerxencia, ademais dos requisitos esixidos no citado artigo da LCSP, a doutrina indica que unicamente poderá acudirse ao procedemento de emerxencia cando a causa non sexa imputable ao propio órgano de contratación, e dicir, que a situación de emerxencia non poida ser evitada polo órgano de contratación mediante unha actuación dilixente (Resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contracturais 102/2017)

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar, polo procedemento de emerxencia, a Investigación y Desarrollo del Lérez, S.L. (B36400240) o subministro e posta en marcha de catro purificadores de aire MIDEA (frigocoll), modelo EU_KJ700G-H32, con filtro HEPA, así como os traballos de acondicionamento da parte eléctrica, para as dependencias de Secretaría do concello de Vilagarcía de Arousa (2ª planta, patio interior), por un importe de 2.940,00€ (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 617,40 €, o que totaliza un prezo (IVE engadido) de 3.557,40€, con cargo á partida 920.62300.

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2021/0594

Visto o expediente de gasto derivado da relación de facturas F/2020/157 por importe de 23.524,60 €.

